



DONA ELISA MARTINEZ ARIAS, Secretaria do tribunal do PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCION DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

CERTIFICO;

Que en sesión do mencionado tribunal de data 26 de setembro do 2019 se adoptaron entre outros os seguintes acordos;

"Primeiro.- Dáse conta o tribunal das alegacións presentadas contra o resultado da baremación da fase de concurso e o tribunal pasa a o seu exame e resolución.

Trataranse conxuntamente as alegacións de dona Melanie Quiroga Vide e dona Soraya Fernandez Garcia por tratarse do mesmo caso e da mesma alegación.

En ambos casos o tribunal non tiña valorado a experiencia como traballadoras sociais en varias empresas adxudicatarias do servizo de axuda a domicilio deste concello pois non constaban aportados polas aspirantes os novos contratos de traballo tralas distintas subrogacións acaecidas en tal servizo, senón que as aspirantes aportaban as cartas de subrogación.

A vista das alegacións presentadas por ambas aspirantes, o tribunal comprobou que, efectivamente, nos supostos de subrogación dos traballadores non se subscriben novos contratos coas novas empresas senón que isto se substitúe pola sinatura das cartas de subrogación que as aspirantes prestaran debidamente.

Polo exposto, e tendo en conta os períodos de prestación de servizos acreditados coas mencionadas cartas de subrogación das traballadoras debe modificarse o resultado da fase de concurso das dúas aspirantes indicadas do seguinte xeito:

ASPIRNATE	PUNTUACIÓN OUTORGADA EN DATA 22/08/2019	PUNTUACIÓN CORRIXIDA
FERNANDEZ GARCIA SORAYA	0'30	2'40
QUIROGA VIDE MARIA MELANIE	0'92	2'50

Tamén presenta solicitude de revisión a aspirante dona María Inmaculada Victorino Dominguez, neste caso a aspirante limitase a solicitar revisión da súa puntuación por entender que esta mal valorada pero non alega causa ou fundamento algún.

O tribunal procede a revisar a puntuación outorgada á mesma, a pesares de que a aspirante non aclara os motivos de impugnación nin os fundamenta de ningún xeito, o tribunal quere aclarar, que no seu caso que valora os servizos prestados en MEULAR E SERVITAL como traballadora social ata o día antes da data de presentación de instancias como din as bases da convocatoria pero que non pode admitir os servizos prestados pola aspirante na mancomunidade de Conso- Frieiras pois os mesmos non se acreditan como esixen as bases da convocatoria, pois aspirante aporta o contrato de traballo e non o certificado de servizos prestados tratándose dunha entidade local.

Ademais trala revisión realizada a puntuación outorgada á mesma debe ser rebaixada obedecendo a un erro aritmético na mesma:

ASPIRNATE	PUNTUACIÓN OUTORGADA EN DATA 22/08/2019	PUNTUACIÓN CORRIXIDA
VICTORINO DOMINGUEZ MARIA INMACULADA	0'06	0'05

(...)

www.monfortedelemos.es https://sekte.monfortedelemos.es secretaria@concellomonforte.com
 982 404 812 982 402 501 982 404 812 Campo de San Antonio, s/n - 27400 Monforte de Lemos (Lugo)



Terceiro.- O Tribunal acorda informar ós/as aspirantes de que a lectura dos exercicios prácticos está prevista para o vindeiro xoves 3 de outubro as 9:00 horas no salón de plenos da Casa Consistorial sita en Campo de San Antonio sen número. Os/as aspirantes actuarán por orde alfabético. "

O que certifico ós efectos oportunos en Monforte de Lemos a 27 de setembro do 2019.

